Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# REVISTA ESCOLAR

*Nº 43 XUÑO 2024*

# ESTACIÓN VELLA

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego







O Maio en Santiago de Compostela


O Maio na Ferraría de Pontevedra

1º Premio Interpretación







# Sumario


SUMARIO ........ 3
EDITORIAL ........ 4
CAMPAÑA DE FOMENTO DO GALEGO ........ 5
CHEGOU O OUTONO ........ 7
O ABECEDARIO ........ 8
UNHA PÁXINA MOI DOCE ........ 11
COGOMELOS POLO RÍO GAFOS ........ 12
O MAGOSTO ........ 13
O SAMAÍN ........ 20
A GARDERÍA DOS PINGÜÍNS ........ 23
CAMPIONATO PROVINCIAL DE CROS XOGADE ........ 24
O NADAL ........ 26
THE LITTLE OLD LADY WHO XAS NOT AFRAID OF ANYTHING ........ 29
PASATEMPOS ........ 30
DENEP- HIMNO DA PAZ EN YOGOTE ........ 31
ENTROIDO ........ 33
OS SUPERESPÍAS ........ 36
CARREIRA POLA LINGUA ........ 37
CLAUSURA EN SANTIAGO DO PROGRAMA 21 DÍAS CO GALEGO ........ 38
SUCESOS DE PRIMAVERA ........ 39
MAIO MES DA VIRXE ........ 41
A CAMELIA ........ 43
OS MAIOS ........ 46
LETRAS GALEGAS – LUÍSA VILLALTA ........ 54
CONTAMOS CONTOS ........ 55
CONCERTO – SUN IOU ........ 57
COÑECER PONTEVEDRA CO IES SÁNCHEZ CANTÓN ........ 59
SOBREVIVIR NO BOSQUE ........ 61
CARREIRA INTERCENTROS ........ 63
ROTEIRO DE EDUCACIÓN VIARIA ........ 69
IMOS DE COMPRAS ........ 71
TORNEO DE FÚTBOL ........ 72
POESÍA DE 4º ........ 73
DO DITO AO FEITO ........ 74
HOW THE DOCTOR SIMÓN SAVED THE MAGIC CIRCUS ........ 75
ACTIVIDADE FÍSICA E VIDA SAUDABLE CON PHO3NIX KIDS ........ 77
ANIMAIS FANTÁSTICOS ........ 79
O PASO DO TEMPO ........ 81
ESCRITORES/AS DO MES ........ 83
ANPA ........ 85
RECICLAMOS CUN XARDÍN VERTICAL ........ 87
MÁQUINAS SIMPLES E COMPOSTAS ........ 88
21 DÍAS CO GALEGO ........ 90
GALEFAS 2024 ........ 91
ORLA PROMOCIÓN 2018-2024 ........ 92
XOGO DO BUXO ........ 93

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Editorial

Neste curso escolar, como en moitos outros, fixéronse unha manchea de traballos e actividades. Moitas están recollidas na páxina web. Entre elas figuran algunhas das que aparecen nesta revista. Tratamos nela, de reflectir ou recordar vivencias que coidamos foron significativas. Foron abondo as que tiveron relación co Programa 21 Días co Galego e +, da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Destacamos, entre outras, a Carreira pola Língua, os vídeos do Gabinete dos curiosos, Os DigochoEu, O Pasagalego, Os Conxuros, e sobre todo, recordamos con agarimo especial a Clausura do Programa en Santiago de Compostela, onde os de 4º cantaron e presentaron o Maio de Pontevedra para os 10 centros educativos escollidos de toda Galicia.

Co premio por participar no Programa celebramos un inesquecible concerto musical co grupo Sun lou, onde toca a gaita e canta a nosa compañeira Marta, mestra neste curso de 5ºA.

Sumamos ás anteriores, as doutros departamentos. Despois dun ano practicamente sen poder utilizar a Biblioteca, por mor do esperado ascensor, foron moitas as actividades programadas pola mesma, contacontos, cine, exposicións, préstamos, presentacións ... Recordamos o 25 aniversario do falecemento de Gloria Fuertes, a homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024, Luísa Villalta, a Agustín Fernández Paz, Rosalia de Castro, R.L. Stevenson, ... No ámbito deportivo acadáronse medallas de primeiros postos, tanto no Xogade como na Carreira Intercentros. Na Festa dos Maios de Pontevedra, levouse o 1º Premio en Interpretación, o 3º en Cantigas e o 4º no Maio. Dende Orientación fixéronse divertidos obradoiros, e para completar o listado temos que engadir , as saídas culturais , as obras de teatro e outras actividades que xurdiron durante o curso: Sobrevivir no bosque, Atletismo en pista ...

Non foi doado levar todo o comentado a cabo, a dirección estreaba o cargo, houbo máis baixas das esperadas, o tempo colaborou máis da conta, etc. Con todo, na travesía capeáronse os temporais, todo grazas ao esforzo, tanto do equipo directivo, como do profesorado e a colaboración inestimable da ANPA.

Rematamos a editorial coas benvidas, as despedidas e os parabéns. Benvidas ao alumnado de primeiro que se incorporou ao centro e aos novos mestres/as que se incorporaran no cadro de persoal do CEP Campolongo: Inma R., Sergio M. e Andrea P. Os parabéns para nosa compañeira Cristina C. por ser nai durante este curso. E nas despedidas temos catro, a primeira é a da nosa compañeira Cecilia pola súa vindeira e merecida xubilación. A segunda é á de David Q., que cambia de centro por concurso de traslados, a terceira é a do profesorado provisional, interino e substituto que tanto colaborou, Marta, Manuel, Olalla, Sandra, Celso, Noe, Ana, Gabi, Rodrigo, Mª de los Ángeles, Luís, Demelsa ... E por último, a cuarta, ao alumnado de sexto que deixa a Primaria, para comezar a seguinte Etapa Educativa, quizais algo máis convulsa cara a orientación dos intereses persoais, pero tamén chea de bonitas emocións e vivencias inesquecibles, que desexamos aproveitedes.

Coordinador do EDNL




# Campaña Fomento do Galego







ANPA




























EDNL

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

# Campaña de Fomento do Galego



















Actividade do primeiro trimestre do Equipo de Dinamización Lingüística do centro para o fomento da nosa lingua.Tratamos de facer 21 lemas para o programa, que participamos este ano, "21 Días co Galego e +".
Colaborou connosco a ANPA cun dos carteis que presentamos nestes artigos.

EDNL

# CHEGOU O OUTONO





Como todos os anos chegou o outono e a Campolongo tamén, non íamos a ser menos!
Os rapaces e rapazas decoraron con follas de varias cores moitos paraugas, que logo colgamos polos corredores do cole.

**SEMELLABA QUE CHOVÍAN FOLLAS!**

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

**Equipos de Dinamización da Lingua Galega**

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego




H Hipopótamo
Mario
I
a Illa
Carla G
L Lagarto
Pablo
M
Marc
Marta
N
niño
María
Ñ
Ñu
Yun Xi Ziu
O
niño
P Paxaro
marta

Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Unha páxina moi doce

O cacao procede das zonas tropicais. As árbores que producen as mazorcas de cacao necesitan unhas condicións de calor e humidades determinadas. Cando as mazorcas están maduras, recóllense a man, ábrense e quítanse as fabas de cacao do seu interior. As fabas se deixan repousar uns días. Logo póñense a secar e se gardan en sacos. Despois fanse pequenos trozos das fabas que se poñen a torrar, se moen e así se obtén a pasta de cacao.




AUTORES: JAVI, ANDRÉS, ROQUE

3º B

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Cogomelos pola ribeira do Gafos






O estimado autor do libro “**Cogomelos das ribeiras do río Gafos**” agasallounos cun exemplar para a biblioteca do centro. Este ano o seu compañeiro **Amancio Castro**, autor tamén do libro pola fotografía aportada, feneceu no mesmo día da saída que tivemos con **Jaime Blanco** na búsqueda de cogomelos polos arredores da Gafos. A saída programada ao Monte da Tomba en Campañó quedou frustrada pola choiva.

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



Bibliotecas escolares de Galicia

A NOSA LINGUA NA TÚA BOCA GALEGO



21 días co galego
















Equipos de Dinamización da Lingua Galega




Un ano máis , O Magosto cos Xogos Tradicionais, xunto coa Festa da Castaña, fixeron que a rapazada da escola desfrutara dunha xornada lúdica, onde a alumnado de 6º foi o protagonista no desenvolvemento das actividades. Como sempre a ANPA, colaborou co picado das castañas e agasallando cunha botella de auga a quen o precisara.

EDNL

# Xogos tradicionais

XOGOS TRADICIONAIS.

Os nenos de 3ºA fixemos un traballo sobre os xogos tradicionais. Trátase de facer unhas entrevistas a os maiores para saber a que xogaban cando eran pequenos.

E recuperamos moitos xogos e cancións como o "Chocito Leré", un día soldado en París e "Ao pasar polo cuartel"... tamén hai moitos xogos como: as chapas, a maiola e os pedrolos que teñen orixe romana.

Se conseguimos moitos xogos e cancións podemos saír a xogar ao patio e recuperalos nós tamén.



C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# Traballos de Outono - I











EDNL

# Traballos de Outono – II







Joaquín - 1ºA


Paula - 3ºA


Enma 3ºA




Alessandro - 2ºB





Olivia - 3ºA




EDNL




# Samaín


















No Samaín celebrouse a tradicional festa das cabazas convertendo estas en orixinais e simpáticas caveiras. Como anos anteriores a ANPA decorou as catro portas do escola e rematou a celebración cunha festa pola tarde aprazada uns días por mor da choiva. Con motivo da inauguración da renovada Biblioteca celebrouse a Semana de Medo, na que colaboraron persoeiros da cidade que lle contaron uns contos aos rapaces/as.

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

**Equipos de Dinamización da Lingua Galega**

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego
















Fina Casalderrey, Eva Mejuto, Anxo Guerra, mestras do Crespo Rivas, xunto co alumnado de IES Sánchez Cantón, foron algúns dos colaboradores contando contos de medo, nesta semana especial do Samaín.

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# Festa das caveiras












EDNL

# A gardería dos pingüíns



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Campionato provincial de Cros - XOGADE








Preto de 2000 escolares de 14 centros educativos de primaria e secundaria do municipio de Pontevedra, participaron o 4 de outubro de 2023, na Illa das Esculturas de Pontevedra, no Campionato Escolar Zonal de Campo a través, proba que inaugura o Programa Xogadeda Xunta de Galicia de promoción do deporte. Entre as escolas, o CEP Campolongo participou co alumnado de 2º, 5º e 6º, onde se acadaron importantes premios nas diferentes categorías, dous 1º e 2º postos con medalla tanto en 6ºM (masculino), con Mateo R. G. e Alex D. A., como en 2ºF (Feminino) con Lara G. O. e Catalina S. G. Logo houbo varios diplomas en todas as categorías. Ver fotos . Ver vídeos: 6ºM -5ºF – 2ºFM.
Ver na web do colexio.

EF

# Campionato provincial de Cros – XOGADE



6º Feminino



2º Masculino














EF


BO NADAL



Equipos de Dinamización da Lingua Galega






6ºA co Apalpador




EDNL

# Tarxetas de Nadal












Como todos os anos a elección ds gañadores do Concurso de Tarxetas foi moi difícil de facer, por niveis as escollidas foron: Teo Alfaro Eyo de 1ºA, Carla Serantes Pérez de 2ºC, Andrés Gil Agulla de 3ºB, Iria Sánchez Pérez, de 4ºA, Carla Iglesias González de 5ºB e Cies Ares Fuentes de 6ºA

EDNL

# The Little Old Lady Who Was Not Afraid of Anything

the little old lady who wasn't afraid of anithing

O alumnado de 3ºA interpretou unha obra de teatro coa mesta Fabiola en Inglés.

A obra trataba sobre unha vella que foi dar unha volta polo bosque mentres encontraba prendas de ropa, Estas prendas de roupa formaban dous estampallos que tentaban dalle medo.

A obra foi moi divertida, interesante e gustounos moito.

E tamen lles gustou ao alumnado de 3º, 2º, 1º e ultimo curso da EEI Crespo Rivas.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Pasatempos

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L | E | P | J | A | G | A | R | I | M | O |
| N | Ó | I | C | A | R | T | S | U | R | F |
| N | D | W | Z | M | E | D | O | E | N | H |
| T | R | I | S | T | E | Z | A | N | B | S |
| Z | G | C | P | E | N | O | X | O | O | J |
| D | Q | A | F | C | S | U | P | B | L | W |
| W | H | Z | E | L | N | F | Z | R | D | Y |
| F | O | Ú | B | E | X | A | R | R | A | C |
| Y | A | I | C | I | D | E | L | S | W | F |
| A | I | F | C | E | K | K | J | W | P | A |
| S | I | I | E | W | N | L | X | D | J | S |

**SOPA DE LETRAS**

**EMOCIÓNS**

**Atopa as palabras**

- ledicia
- tristeza
- frustración
- medo
- fiúza
- carraxe
- agarimo
- noxo

**Seguindo as letras en horizontal, vertical ou diagonal atoparás palabras relacionadas coa nosa escola**

| | | |
|---|---|---|
| N | G | O |
| O | C | O |
| L | M | A |
| 0 | P | X |

| | | |
|---|---|---|
| N | G | O |
| O | F | S |
| A | M | A |
| O | G | X |

| | | |
|---|---|---|
| N | A | L |
| T | I | L |
| A | A | V |
| T | L | B |

**Saltando como o cabalo en xadrez, busca un refrán moi galego.**

| | | |
|---|---|---|
| PA | VEU | ---- |
| NON | NUN | CAN |
| CHO | RA | QUE |
| --- | ES | CA |

EDNL

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# DENEP CON MÚSICA E TROMPADA

Este ano o DENEP (Día Escolar da Non Violencia e a Paz) fixemos unha **Trompada** e Cantamos unha canción **.** Rematamos cun **Himno da Paz** cantado cos xestos do **Yogote**

As trompadas foron acompañadas dalgunhas mensaxes. Todas comezaban c

– Cambiar o mundo nun plis-plas para que ha amor e paz
- Que todos teñamos os mesmos dereitos.
– Que todos os pobos poidan vivir en paz
- De que neste curso aprendamos a escoitar, dialogar e respectar
- Do coidado e respecto dos nosos ecosistemas e por un mar limpo







## TROMPADA POLA PAZ



- As zonas estarán marcadas con conos/setas

— Unha vez colocados, lese o lema dos de 1º e todos lanzan para que baile o trompo. Os que non teñen trompo e os máis pequenos farán en cada lanzamento un exercicio de E. Física. Indicarase dende o escenario. Se conseguen o obxectivo, bailar o trompo ou facer o exercició pasarán a zona seguinte (2). Se non teñen que repetir o lanzamento ou o exercicio dende a zona onde estaban (1)

- Segue o lema dos de segundo e faise logo o segundo lanzamento de trompo (O canciño). Os que conseguen facer ben o canciño ou o segundo exercicio de ximnasia pasan a zona 3 Ídem até o 6.

**RETOS CO TROMPO**

1. O dormilón 2. O canciño
3- O Cohete 4 - A pala
5. Búmerang
6. O futbolista

**EXERCICIOS PARA OS QUE NON TEÑEN TROMPO**

1º. O muíño - 20 veces 2º Anicadas - 20 veces
3. Equilibrio cunha perna 20 " 4. O soldadiño (burpee) - 10 veces
5. Tocar 5 veces os talóns coas mans arqueando o lombo
6- Facer o espacate (espagat)

Finalmente, se da tempo, os que conseguen chegar a zona 6 co trompo farán un último lanzamento nunha roda para ver cal é o trompo que baila máis. E os demais tamén poden facer o lanzamento dende a súa zona.

NOTA. No 1º lanzamento como están moi xuntos lanzan 1º as nenas e logo os nenos

Poremos a camiseta do 21 Días co Galego

2023-24

Equipos de Dinamización da Lingua Galega



# DENEP - YOGOTE

## HIMNO DA PAZ

Somos irmáns das estrelas,
destas montañas do mar,
de tódolos seres vivos,
dámonos para cantar
as mans nosas, escolantes
de amor, non violencia e paz.
Sen diferenzas de raza
de lingua nin de pensar,
nunha aperta fraterna,
dámonos para cantar,
nosos peitos, coa forza
do amor, non violencia e paz.

Os defensores da vida
sen armas para matar,
os cidadáns deste mundo
dámonos para cantar
o alento, mensaxeiro
de amor, non violencia e paz.
Somos da vella estación,
escola de Campolongo
coa fresca auga do Gafos,
dámonos para cantar,
arelas rexas, pactos
de amor, non violencia e paz.

Adaptación do Himno da Paz para o CEP Campolongo engadíndolle a última estrofa.
Podes escoitar o himno na páxina web ou utilizando o código QR desta páxina.

EDNL

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# Entroido I










3º



4º

EDNL

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# Entroido II











# Mandadiños do Meco



**SEMANA DE ENTROIDO**

**CEP CAMPOLONGO**



**LUNS**

**Se chega o Entroido e hai que poñerse guapos e guapas, con tal motivo un toucado ou peiteado na cabeza teredes que traer.**

**MARTES**

**Pensa un pouco como queres facer, pon unha saia, unha gravata ou ambas á vez.**

**MÉRCORES**

**Hoxe xa é mércores, metade da semana, pon a roupa do revés e procura non dar ningún traspés.**

**XOVES**

**Que preguiza levantarse e parece que vai frío, ponte un pixama ... que ben e quentiño.**

**VENRES**

**Pon o disfrace que queiras e vén a nosa festa, imos bailar un pouco que xa é ENTROIDO**

## HISTORIA DO MECO

Hai moito tempo vivía no Grove (Pontevedra) un cura que lle chamaban O Meco. Parece que tiña por costume non permitir as vodas se antes a noiva non ía á cama con el.
Pero un día unha muller negóuselle e matou o cura. E todos os do Grove, para disimumlar o crime, colleron o cura e aforcárono nunha árbore no monte Siradella.
A xustiza prendeu o noivo da muller aquela, crendo que fora el quen o aforcara. Mais cando lle preguntaron se fora el o que matara o Meco, negouno.
A xente que estaba no xulgado dixo:
—Fomos todos!
Así que non puideron reter a ninguén porque non sabían que fora o que matara ó Meco.



EDNL

# Os Superespías

Obra de teatro inventada por nós.



Dous militares de carga descubren a dous espías moi malos acechando a cidade. Todos están en perigo. Cando atopan os espías comeza unha pelexa terrible. Pero todo remata ben.

Soldados e espías fanse amigos e FIN.

3ºB

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Carreira pola lingua











Cada un coa súa palabra no dorsal. A lingua resoou por todo o patio.

EF

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Clausura en Santiago dos 21 Días co Galego e +





Coplas presentando o Maio da cidade de Pontevedra

1.Comezamos esta gala,
do galego en Santiago,
no Programa Vinte e un,
saudando con afago.

2. Presentamos a escola,
amosamos a cidade,
cantaruxamos o Maio,
con paixón e dignidade.

3º.Do colexio Campolongo,
somos nenos rebuldeiros,
da vila de Pontevedra,
terra de vellos canteiros.

4º.Flúen ríos na cidade,
como o Lérez e o Rons,
tamén loce a nosa Ría,
con garzas e mexillóns.

5º. Pasan pola Boa Vila,
peregrinos e turistas,
é Camiño Portugués,
e de grandes deportistas.

6º. Polo centro da cidade,
hai insignes monumentos,
zona vella e boas prazas,
pra xantar os bos pementos.

7º. Campolongo tivo Pazo,
moita froita nun verxel,
onde agora está a Xunta,
era antes un cuartel.

8º. Temos un parque con río,
con tubos canalizado,
na zona de Campolongo,
houbo trens estacionados.

9.Despedímonos agora,
imos seguir coa manda,
soerguendo o Galego,
vinte días non é nada.

EDNL

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

21 días co galego

# Sucesos da... PRIMAVERA!

POR AQUÍ!→

O día 24 de maio saímos todos os nenos de 5º para facer unha carreira de orientacción.

Ao chegar a parte de atrás da Deputación sentámonos nas escaleiras xunto cos nenos doutro colexio.

Máis tarde un monitor chamado Pablo que foi chamando polos nomes do grupo, o meu grupo chamabase Cantigas. Fomos cun monitor por toda Pontevedra buscando pistas.

Por último, cando todos os grupos chegamos, os profesores deixáronos xogar un anaco no parque, e máis tarde volvemos ao colexio.





Sofía Rivera 5ºC

# AS RULIÑAS DA ESCOLA

Un día estabamos a xogar.
E vimos unhas rulas
que só facían que cantar.

Ao pouco puxeron uns ovos.
Pronto haberá paxaros novos!



Todos os días mirando o niño.
Estabamos cheos de emoción.
Hoxe escoitamos un chío.
Que alegría, que ilusión!

Xa medraron as novas rulas.
Mira para elas que chulas!
E mentres as rulas esperaban
a chuvia facía que se mollaran.

A nai só facía que animar
as novas rulas a voar.

Pasaron os días
e as pequerrechas voaron;
marcharon cara a ría,
elas soas marcharon.

Sofía Rivera 5º C

# As rulas da nosa escola

Desde a xanela da miña escola,
pódese ver un niño,
que ten unhas rulas
que crecen moi amodiño.

Comezan a saír do niño
e non queren voar,
entón os pais animáronlle
e foron con eles a xogar.

As rulas moi molladas
gordiñas e pequerrechas
chamaron ao control de animais,
pero non tiveron resposta.

Veu unha gaivota,
os miraba fixamente
pero chegaron os seus pais
e fóronse con eles rapidamente.

Xa son maiores,
seguen vivindo preto
veñen a visitamos
pero non como noutro momento

Van ter fillos
cando teñan máis idade
van ser tan bos como elas
ou pode que moito máis agradables

Escoitabanse como piaban de pequenos,
faiseme estraño que xa non estean
agora escóitanse outros,
pero non me gusta tanto como o facían ela

Aroa Yáñez Gulín

# MAIO, O MES DA VIRXE

Chegou o mes de maio, un mes fermoso cheo de  moitas cores e bo tempo, o mes da nosa Virxe María!

Ao longo de varias sesións os alumnos e alumnas de Relixión Católica fixeron diversas actividades para coñecer un pouco máis a Virxe.

Artesanías moi fermosas en 1º, 2º e 3º de primaria.

Xogos de preguntas-resposta en 4º.

E non nos esquezamos do ben que o pasaron os de 5º e 6º de primaria na ruleta das palabras.









# A Camelia


A CAMELIA


XXII EXPOSICIÓN
CAMELIA
CEP CAMPOLONGO
19, 20 ,21 MARZO 2024
HORARIO:
Martes 19: 16:30 - 19:30h
Mércores 20 e Xoves 21: 9:30 - 13:30h / 16:30 -19:30h















# A Camelia - Traballos

















Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Camelias - Cultivadores



Como todos os anos, O Areeiro( Estación Fitopatolóxica de Pontevedra) agasallounas cunhas fermosas camelias para a Exposición. Xunto a ela, colaboraron de forma altruísta, diversos cultivadores desta flor, tales como: Amigos do Camiño Portugués, Amigos Tudenses, Juan XIII, José Luís Argibay, Nita García Castro, Antonio Luís Montes, Begoña V, Carmen Castro, Maru Míguez Mariño ...

# MAIO – DEBUXOS GAÑADORES



6º Cies


Caye
1ºA



Carla 2ºC



Simón
3ºB


Aldara
4ºB



Bea 5ºB



EDNL

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# MAIO – GAÑADORES – CONCURSO DE DEBUXOS






















Os gañadores/as do Concurso "Debuxo do Maio", por niveis, foron: Caye (1ºA), Carla (2ºC), Simón (3ºB), Aldara (4ºB), Bea (5ºB) e Cies (6ºA). Na primeira imaxe vense os seis debuxos no deseño da camiseta. Esta foi o agasallo tanto para os que cantaron na Festa dos Maios de Pontevedra como para os que gañaron o Concurso .

EDNL

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Elaboración do Maio







Dúas xornadas para recoller o fiúncho e outras para dúas para os pampillos e outras flores xunto coa elaboración do Maio.

EDNL

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Maio na Ferraría






Día de festa pasado por auga, onde se cantou o Maio debaixo dunha carpa. A alegría foi moita, pois aparte de pasalo moi ben, houbo tamén varios premios. Os rapaces do CEP Campolongo fixeron unha estupenda actuación, sobre todo Cibrán cantando debaixo do Maio, e por iso levaron o 1º Premio en Interpretación. Sumáronse outros dous premios, un 3º en Cantigas e un 4º en Maio.

EDNL

# Maio na Escola







Despois de varios días de espera , conseguiuse cantar o Maio na escola. Outros compañeiros/as tamén ampliaron o vocabulario do alumnado cos materiais que se precisan para facer os maios: andas, estadullos, fiúncho, pampillos, margaridas, laranxas, ovos, coroa, arames ...

EDNL

# O Maio na Escola






Ola! Chámome Olivia e vouvos contar a miña experiencia nos maios do meu colexio.

Foi o día 6 de maio. Comezamos baixando ao recreo e puxémonos nunha roda.

Comezamos a cantar cada un o seu C.. . de cantiga.

E ao rematar fómonos felices cada un a nosa clase




# Maio 2024 – Coplas I

1.Do colexio Campolongo,
vimos aquí a cantar,
unhas coplas que nos falan
dos enredos do lugar.

2.Comezamos a semana,
vestindo o Maio de gala,
con fiúncho e pampillos,
e tamén algunha cala.

3.Non lle faltan as laranxas,
as rosas e margaridas,
xunto a elas van os ovos,
con camelias ben floridas.

4. Vai na crista a coroa,
con tres aspas de muíño,
levantamos nós a lanza,
pra loitares co veciño.

5.O traballo foi dabondo,
pois non somos do rural,
algún trouxo o fiúncho,
nunha foto dixital.

6. Novo Equipo Directivo,
asignou a inspectora,
rematou o anterior,
e quixo ficar embora.

7.Vai o barco a toda vela,
esquivando farallóns,
ese ano é moenda,
achaiar programacións.

8.Temos mestres no colexio,
de carné ou pedigree,
compaxinan a escola,
con viaxes a Madrid.

9.Furacán en Atletismo
Cristina coa Ximnasia,
acompaña cunha gaita,
na foliada a nosa Marta.

10. Tamén temos escritoras,
como Olalla cos Chibóns,
outros mestres fan relatos,
outros coplas a cachón.

11. No Xogade destacaron,
os de sexto e segundo,
estes mozos cando queiran,
poden dar a volta ao mundo.

12. Reformouse a biblioteca,
pola achega do ascensor,
esperamos máis dun ano,
por quendas do construtor.

13. As enchentes escorreron,
ratas para o nosa escola,
chegaron ao comedor,
construíron a chabola.

14. Houbo parche no tellado,
por pingas do Pavillón,
os arranxos de excelencia ,
seguen sendo unha ilusión.

15. Dous anos cunha cisterna,
con respostas feiticeiras,
as cuadrillas do Concello,
non foron nada lixeiras.

16. O fiúncho ou fiollo,
no colexio presumía,
chapodaron polos muros,
toda canta herba había.

17. Traballouse o galego,
de maneira especial,
con tarefas dun Programa,
que soaba a sideral.

18. O Tema que se escolleu,
foi lidar coas Emocións,
moitas delas afloraban,
nalgunhas intervencións.

19. Peneiramos unhas cantas
para traballar con Buxo,
un xogo que inventamos,
cunha mascota de luxo.

20. Entrevistas pola radio,
e preguntas pola a tele,
cada día unha sorpresa,
semellaba unha serie.

21. Preto de cincuenta vídeos,
enfornaron con afán,
os vinte DigochoEu!,
foi a xeira talismán.

22. Houbo Lemas e Conxuros,
con Ditos e Poesía,
Gabinete dos curiosos,
e nas lerias alegría.

23. No enredo do Tabú,
buligaban turbacións,
descubrías a palabra,
cunha das definicións.

24. A Carreira pola Lingua,
foi vistosa e agradecida,
as palabras resoaron,
estaban cheas de vida.

25. Estivemos con Esther,
nunha vídeo conferencia,
o remate en Santiago,
gorneceunos de experiencia.

26. O Maio de Pontevedra,
presentamos na Clausura,
nove coplas disertaban,
da cidade a fermosura.

27. De agasallo camisetas,
e mil euros de foliada
soerguendo o galego,
e animando a rapazada.

EDNL

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# Maio 2024 – Coplas - II

28. Na Carreira Intercentros,
fallou algo a xestión,
impuxeron unha cota,
provocou indignación.

29. Só un centro Primaria,
acudiu a esta chamada,
institutos da cidade
completaron a xornada.

30. Van alá coa Camelia,
vinte e dúas edicións,
flor enxebre na escola,
domeada con paixón.

31.A frescura desta flor
luciu polos corredores,
colocadas con afecto,
por serios cultivadores.

32. Os traballos dos rapaces,
desprendían alegría,
non tiveron ocasión,
o debuxo e a poesía.

33. Nas visitas oficiais,
destacou a dispersión,
o Concello veu un día,
e noutro a Deputación.

34. Temos Xardín Vertical,
loce ben na primavera,
cando volta o verán,
é máis ben unha quimera.

35. Houbo Maxia no Salón,
nós, Conxuros levamos,
Pastequeiras e Adiviños,
polo camiño atopamos.

36. Ideouse un Trocalibros,
moita xente se achegou,
seis mil tomos de relatos,
Pontevedra intercambiou.

37. Medran abondo liortas,
na nosa Corporación,
presupostos prorrogados,
non callou a coalición.

38. Perdeuse una Moción,
esta foi a de Confianza,
non tivo a de Censura,
aterrou esta na chanza.

39. Teñen a Raíña Victoria,
como arma da contenda,
o Mercado ambulante,
ou estoura ou rebenta.

40. No Convento Santa Clara,
fai falta Auga Bendita,
a nova Deputación,
trae no peto dinamita.

41. Se paseas pola praia,
granulado atoparás,
é dun barco envorcado,
polo pai de Satanás.

42. Foron seis os colectores,
de pélets os espallados
co desleixo na xestión,
quedamos atoallados.

43. Fuches ti, eu non fun,
foron días barballando,
eu non mando, mandas ti,
as bolas seguen rodando.

44. Prados e fragas do Deza
aínda o teñen peor,
o Proxecto na Ulloa,
tanxe ser un Baltimor.

45. Non chegaba Celulosas,
que traen outra pasteira,
eucaliptos por carballos,
comida de polvoreira

